

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. ISIDORA RIESTRA  
CURSO: 3º PRIMARIA  
MATERIA: MÚSICA  
DEPARTAMENTO: MÚSICA  
DATA: 13/MAIO/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 4	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1.- Recoñecer o pulso das audicións programadas.	1.- Segue o pulso das audicións dadas na clase.
2.- Interpretar un repertorio básico de cancións en solitario ou en grupo, utilizando a linguaxe musical.	2.- Participa con interese na interpretación das cancións da unidade, procurando unha mellor entoación, afinación e precisión rítmica.
3.- Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	3.- Participa con boa actitude nas actividades de movemento e danza.
4.- Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo.	4.- Comprende a importancia dun correcto soporte da frauta e da axeitada emisión do aire así como unha boa dicitación.
5.- Representar graficamente, con linguaxe convencional as notas dadas.	5.- Percibe a diferenza de alturas das notas do pentagrama traballadas.
6.- Utilizar de xeito correcto a linguaxe musical traballada.	6.- Interpreta coa voz, frauta e instrumentos sinxelos pasaxes musicais escritos.
7.- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras de diversos materiais.	7.- Colabora na construción dun instrumento a partires de material de refugallo.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <p>A avaliación será global e continua. A clase de música é totalmente activa polo que o principal procedemento de avaliación ,é a observación directa da actividade e actitude do alumnado ao longo do desenvolvemento das unidades didácticas. Para esta situación especial as actividades propostas teñen un carácter activo de desenvolvemento dende a casa.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>O principal instrumento de avaliación serán os datos que se teñen recopilados da 1º e 2º avaliación, tendo en conta a participación nas actividades propostas para este trimestre, xa que non podemos esquecer os problemas de adaptación a esta nova situación.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final de curso sairá de valoración dos contidos, procedementos e actitudes, atendendo as actividades de ritmo, entoación, discriminación auditiva, linguaxe musical, expresión instrumental ,seguimento das audicións da primeira e segunda avaliación e participación nas actividades propostas para este trimestre.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>Non se contempla nesta etapa.</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Atendendo sempre as anteriores avaliacións ,e sempre considerando que esta avaliación só pode repercutir positivamente, valorarase se acadou os mínimos para superar a materia pendente.</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Dado que a clase de música é totalmente activa, as actividades propostas serán totalmente activas e de participación dende a casa, coas limitacións que isto supón. Serán actividades de aprendizaxe lúdicas de ritmo, canto, musicogramas, percusión corporal etc.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Para levar a cabo a conexión co alumnado creouse un blog onde semanalmente vanse poñendo as distintas actividades, paralelamente cada nivel está en contacto con un grupo de whatsapp onde o alumnado vai manifestando se atopa algunha dificultade. En canto aos alumnos sen conectividade mediante teléfono déronse as pautas para que foran realizando tarefas de repaso propostas na clase sobre todo para alumnos de 3º,4º,5º e 6º para que non perdan soltura no manexo da frauta.
<b>Materiais e recursos</b>	Ordenador, teléfono, material de linguaxe musical ,cancioneiros, colección de audios de diferentes estilos, recursos online.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Páxina web, abalar, correo electrónico, medios telefónicos, videoconferencias.
<b>Publicidade</b>	Publicación páxina web.